



foro

## A predisposición dos nenos á sabedoría

**Javier F. Rouco Ferreiro**, Asesor de Infantil e Primaria  
 CEFORE da Coruña, [javier.frouco@edu.xunta.es](mailto:javier.frouco@edu.xunta.es)

"¿Tu verdad? No, la verdad,  
 y ven conmigo a buscarla.  
 La tuya, guárdatela."  
 (Antonio Machado. *Proverbios y cantares*)

Non podemos entender o ser humano sen velo como un ser pensante: percibimos a realidade polos sentidos, integramos as percepcións na nosa mente dotándoos de sentido; tomamos conciencia de nós ao reflexionar sobre o que sabemos das cousas exteriores e, ao ter conciencia de que coñecemos, coñecemos a nós mesmos, sendo esa meta-reflexión o resultado da abstracción intelixente.

Pero, é preciso ensinar a pensar? Existe acaso algunha persoa que non pense? Os seres humanos empregamos o pensamento, non só como medio, senón como fin, necesidade e proxecto. Polo tanto, falar de aprender (e ensinar) a pensar supón valorizar o pensamento como actividade propiamente humana, indispensable para a vida e susceptible de ser enriquecida.

Nestes tempos en que o foco educativo está centrado nas competencias básicas, o reto de ensinar a pensar aparece coa nova faciana de 'aprender a aprender'. Así estaríamos considerando un pensamento que vai máis alá do razoamento, utilizando a lóxica como principal ferramenta: pensar como vivencia interior, como facultade múltiple e polifacética (como todas as facultades humanas); pensar como percibir, investigar, conceptualizar, traducir, formular e razoar... cada vez mellor.

Xorde entón a cuestión de como ensinar a pensar, xa que, primeiramente, ninguén pode ser obrigado a facelo, conque hai que motivalo. Para este difícil labor temos como aliado o diálogo; a través del convocamos de novo o tempo das cousas efémeras, pero gratificantes; dos acontecementos que a forza de ser compartidos se convirten en momentos. Co diálogo podemos liberar da tiranía das nosas coordenadas espazo-temporais e redimensionar as nosas vidas.

Nun verdadeiro diálogo podemos distinguir características que constitúen oportunidades para perfeccionar as nosas habilidades de pensamento:

- O diálogo como tarefa rigorosa supón non crer que se está sempre en posesión da razón: hai que integrar novas perspectivas, poñer en dúbida os postulados de partida, non conformarse coa primeira das respostas posibles.
- O diálogo como tarefa democrática, que implica buscar acordos e respostas nos que os distintos valores non sexan etiquetados como equivocacións, senón como oportunidades de traballo conxunto. Saber escoitar representa os tres ces, isto é, construír comprensións compartidas, o que en todo momento é un bo camiño.
- O diálogo como tarefa creativa, que permite interpretar dende a intelixencia e a liberdade o espazo definido entre as marxes do evidente e do insospeitado. Novas asociacións, novos puntos de vista, novas correspondencias e vínculos que aparecen de xeito máis doado na aprendizaxe dialóxica.
- O diálogo como tarefa amigable. A miúdo o afán polo control lévanos ao sentimento de cremos propietarios únicos das ideas. No diálogo, non obstante, a comprensión ten que ser compartida, e só dende ela evitamos que a flexibilidade e a toma descentralizada de decisións se vexan como algo perigoso.
- O diálogo como tarefa inclusiva. A corrección política impúlsanos a manter que a diversidade é beneficiosa, aínda que moitas veces pensamos o contrario, xa que estar rodeado de diferenzas pode provocar unha inseguridade paralizante. Pero as conversas auténticas son un exercicio óptimo de respecto e de acollida.
- O diálogo como tarefa pausada. Se non é calmo, o diálogo non é diálogo. As nosas conversas adoitan estar centradas no inmediato, no urxente, sen tempo para falar do verdaderamente importante, para crear significados compartidos e facer que as nosas decisións se asentem na información e na reflexión en lugar de ser meramente reactivas.
- O diálogo como tarefa inacabada. Na vida cotiá pode suceder que a rapidez nos leve a avanzar amodiño. Enredámonos falando dos mesmos problemas unha e outra vez, porque as solucións que lles procuramos son circulares. Dialogar supón buscar preguntas máis que dar respostas: comprometéndonos co dialóxico comprometémonos a un reto inacabable, pero acotío satisfactorio e enriquecedor.

Convencidos, logo, de que podemos mellorar o noso pensamento e de que o diálogo nos serve para este obxectivo, cómpre preguntarse polos contidos: sobre que se pode dialogar para aprender a pensar. Nun contexto no que a información se multiplica cada vez con maior celeridade, no que a produción científica e cultural é enorme e rapidamente comunicada, a transmisión de contidos non pode seguir sendo o sustento das institucións educativas. A educación formal ten que promover situacións de aprendizaxe nas que o contexto e o significado pasen a ser as mercadorías desexadas.

Aprender a pensar require contidos culturais específicos cos que avanzar nas habilidades de pensamento e que, ademais, sexan compartidos polo grupo co que imos dialogar. Porque, evidentemente, para que o traballo sobre a capacidade de pensar non se converta nunha mera ximnasia mental é preciso seleccionar contidos relevantes; e para isto temos no mundo da arte e dos xogos uns excepcionais aliados. Haberá algo máis motivador para a infancia que un conto? Resistírase o noso alumnado ante unha proposta de xogo? Evidentemente, non! Os nenos son os máis inexpertos dos humanos, pero tamén os máis predispostos á sabedoría; no trato diario con eles aprendemos a eficacia dos erros e o entusiasmo inesgotable ante as perplexidades necesarias, que toman relevante a busca intelectual achegada polas ciencias e as artes.

No reto que supón ensinar a pensar a nenos e nenas (e, por suposto, aprender tamén a pensar con eles) debemos dotar a infancia de reservas sensitivas, cognitivas, intelectuais, que lle permitan recoller a testemuña dos adultos e transformar a realidade nun lugar para o coñecemento, a memoria e o desexo.

imprimir páxina

### outros artigos

O interese dos proxectos na escola infantil  
 M.ª Dorinda Mato Vázquez, Universidade da Coruña, [mmatov@udc.es](mailto:mmatov@udc.es)

Recordos da infancia. A pegada dun bo mestre  
 José Raposeiras Correa, Equipo de Orientación Específico de Pontevedra

A predisposición dos nenos á sabedoría  
 Javier F. Rouco Ferreiro, Asesor de Infantil e Primaria

viñeta  
 Francesco Tonucci



INFORMÁTICA  
 NA ESCOLA

*colabora con*  
**foro**  
[revista.galega.ensino@edu.xunta.es](mailto:revista.galega.ensino@edu.xunta.es)

O MÁIS VISTO	COLABORA COA REVISTA	OUTRAS SECCIÓNS	
Máis alá da escola: a educación non formal	Foro	Tribuna	Lexislación
A auga cos cinco sentidos	Cartas á directora	Axenda	Hemeroteca
Un proxecto sobre a auga en educación infantil	Investigación	Mediateca	Editorial
Preescolar na Casa: historia dunha atinada intuición	Experiencias	Que é	
Congreso Internacional AIESEP2010. Os profesionais da educación física na promoción dun estilo de vida activo			
O interese dos proxectos na escola infantil			